

# Un heroe a mil quilómetros

Salvan unha moza de Santiago tras recibir unha chamada dun veciño de Gramanet que a viu en internet cando ía suicidarse

ADN-LV


Axentes da Policía Nacional evitaron que unha veciña de Santiago de Compostela morrese ao inxerir pastillas logo de recibir a alerta do 112 de Cataluña, avisando de que un veciño de Gramanet a viu a través de internet.

As 21.00 horas do día 18, a Policía da capital galega recibiu unha chamada telefónica procedente do 112 Galicia, na que informaban de que recibiran unha comunicación do 112 de Cataluña na que un veciño de Gramanet indicou que, utilizando internet, a través dunha

cámara web viu unha moza residente en Santiago de Compostela cando pretendía suicidarse inxerindo pastillas.

Os axentes procederon a chamar á porta en repetidas ocasións, pero non lles abriu ninguén.

Os axentes localizaron un irmán da moza, que vive en Vigo, que non tiña chaves, polo que contactaron cos pais, residentes na cidade, que tampouco tiñan chaves. Ao final, coa axuda dos bombeiros, entraron e a moza reconeceu que tomara as pímulas. Foi atendida no CHUS e finalmente salvouse.



## Dous mozos, feridos nun aparatoso sinistro en Vigo

Dous mozos resultaron feridos, un deles grave, tras chocar o coche no que viaxaban cunha rotonda na zona de Sanjurjo Badía, en Vigo, e ser excarcerados. O suceso produciuse ás 02.00 horas da madrugada de onte na rotonda que dá acceso á autoestrada AP-9, xusto á saída do túnel do Beiramar. O coche, matrícula de Ourense, encaixouse contra a rotonda por causas descoñecidas. > Sxenick

## Detido un veciño logo dunha gran persecución de Betanzos á Coruña

ADN-LV

A Policía e a Garda Civil detiveron tras unha persecución policial entre Betanzos e A Coruña a P.B.B., coruñés de 32 anos de idade, por diversas infraccións penais. Ao chegar á Coruña, foi localizado no poboado de Penamao.

Entre outros, imputábase un roubo con forza en establecemento, dous roubos de vehículos a motor, un delito contra a seguridade do tráfico e un delito de atentado contra un axente da autoridade.

## Un veciño chega borracho á casa en Bergantiños e préndelle lume

ADN-LV

Un home duns 50 anos prendeu antonte lume á súa vivenda no concello coruñés de Cabana de Bergantiños, cando se atopaba ebrio.

Foi un veciño o que avisou o 112, alertado ante o abundante fume que saía da casa de pedra. Ao parecer, non era a primeira vez que este veciño, con problemas psíquicos derivados do alcoholismo, prendía lume á súa propiedade, dado que hai unha semana fixo o mesmo cun alpendre.



## 16 arrestados en Cangas, entre eles unha edila, por oporse ás obras en Massó

A Garda Civil detivo 16 persoas, entre elas unha concelleira de Alternativa Canguesa de Esquerdas (ACE), que se atopaban nas obras do porto deportivo de Massó, na localidade pontevedresa de Cangas, por enfrontamentos cos axentes e por obstaculizar a entrada de maquinaria pesada ao lugar onde se están levando a cabo os traballos. Tras prestar declaración, foron quedando en liberdade. Os detidos pertencen a colectivos opostos ás obras do peirao. > Cecilia Martínez / DdeP



## Cifran en mil as árbores singulares de Galicia

Un grupo de investigadores da Escola Politécnica Superior da Universidade de Santiago cifra en aproximadamente un milleiro o número de árbores e formacións singulares coñecidas ata o momento en Galicia. Os investigadores realizaron un estudo de 120 árbores singulares -na imaxe, *Pinus radiata*-. Este estudo pretende dar a coñecer "o importante patrimonio natural que constitúen as nosas árbores e formacións naturais".

## Un home e unha muller agrediron tres policías nun bar latino de Lugo

ADN-LV

A Policía Nacional de Lugo detivo dúas persoas por agredir tres efectivos policiais que foron requiridos para mediar nunha liorta na tarde do domingo. Os feitos ocorreron na rúa Tui.

Os axentes foron requiridos por unha pelexa multitudinaria, pero cando chegaron ao lugar, non observaron ningún problema, aínda que viron varias persoas que trataban de acceder a un local de ambiente latino situado no lugar, de xeito apresurado, polo que se aproximaron para solicitar información.

Acto seguido, sen mediar palabra, unha moza abalanzouse

sobre un dos policías, arrincándolle a camisa e rabuñándoo ao mesmo tempo.

Nese mesmo instante, e mentres outros policías trataban de evitar que a muller seguise agredindo o policía, e proceder á súa detención, un home facía o posible por impedi-lo, obstaculizando a acción dos efectivos policiais. Como consecuencia dos feitos, tres policías resultaron lesionados de carácter leve.

Os axentes reducidos e detiveron o home D.V.H., de nacionalidade dominicana e 35 anos, que non ten antecedentes policiais; e M.P.R.C., de nacionalidade colombiana, de 20 anos.

VIGO

**Apresado na cidade un boliviano logo de maltratar a ex parella**  
B.D.L.F., boliviano de 29 anos, foi detido en Vigo como presunto autor de malos tratos á súa ex parella, coa que ten dous fillos. O suceso rexistrouse na rúa Canceleiro. Cando chegaron os axentes, comprobáronse que a muller presentaba hematomas nos brazos e costas.

VIGO

## Falece no hospital o motorista que perdera unha perna na Cañiza

O motorista de 35 anos que sufrira a amputación dunha perna tras un accidente na Cañiza (Pontevedra) faleceu nun hospital vigués. O home, cuxa identidade responde ás iniciais J.M.D.R., saíuse da vía coa súa motocicleta en Fonfría e, aínda que chegou con vida ao hospital, acabou morrendo.

SANTIAGO

## Controlan un escape de gas rexistrado nunha rúa de Conxo

Os bombeiros de Santiago controlaron e atallaron onte un escape de gas rexistrado nunha rúa no barrio de Conxo ao picar os obreiros unha tubaxe nunhas obras que realiza Aquagess na zona. O suceso ocorreu á altura do número 36 da rúa García Prieto, en Conxo, aínda que só foi un susto.

OURENSE

## Buscan un individuo que lanzou pedras a 7 coches en Ribadavia

A Garda Civil trata de localizar unha persoa que lanzou pedras desde a fiestra dun vehículo na localidade ourensá de Ribadavia durante todo o día de onte, causando danos diversos a sete vehículos. Catro dos turismos danados atopábanse en movemento cando recibiron o impacto.

FERROL

## Tres mulleres e dous homes, arrestados por intentos de roubo

A Policía de Ferrol detivo tres romanesas, de 25 a 27 anos, por intentar subtraer un bolso a unha muller á que lle pedían un donativo económico para unha asociación de minusválidos inexistente. Na cidade, tamén foron detidos P.A.M., de 40 anos e J.L.B.V., de 30, por tentar roubar un coche.